



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

BASES ENTROIDO 2021

CONCELLO DE FISTERRA

CONCURSO/CATEGORÍAS

A Concellería de Cultura do Concello de Fisterra convoca as bases do concurso de Entroido nun formato diferente ao tradicional por mor da situación que vivimos pola Covid-19.

Este concurso vai destinado unicamente para as persoas dentro dun só núcleo familiar.

- **Individuais.** Tanto adultos como infantís.
- **Parellas.** (Só núcleo familiar). Adultos, infantís ou mixtos sempre e cando sexan persoas conviventes e a temática do seu disfraz estea relacionada.
- **Comparsa familiar.** (Só núcleo familiar). Adultos, infantís ou mixtos sempre e cando sexan persoas conviventes e a temática do seu disfraz estea relacionada. Mínimo tres persoas.

MODALIDADES

- **VÍDEO:** Máximo 30 segundos.
- **Fotografías:** Só serán válidas en formato JPG ou PNG.

No video pódese realizar unha pequena parodia, canción, baile aínda que non é obrigatorio.

PRAZO PRESENTACIÓN E INSCRICIÓN

A inscrición será do 1 ao 14 de febreiro, descargando **as bases (Anexo I)** da páxina web www.concellofisterra.gal para cubrir e asinar onde aceptarán a protección de datos e autorización para dar o consentimento do dereito ás imaxes e videos nas redes sociais e web do Concello de Fisterra.

Xunto coa sinatura da solicitude de inscrición enviarase a fotografía ou o vídeo por whatsapp ao teléfono 699.26.39.64 ou ao correo cultura@concellofisterra.gal aportando os seguintes datos:

- Nome e apelidos de cada participante
- Nome do disfraz
- Teléfono de contacto.

A participación está aberta a todas as persoas e idades, **SEMPRE DENTRO DO MESMO NÚCLEO FAMILIAR (PERSOAS CONVIVENTES)**, e é obrigatorio o uso de mascarilla.

Só se poderá participar nunha modalidade e categoría.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

XURADO

O xurado estará formado por representantes do Concello de Fisterra.

Cada membro do xurado cualificará do 1 a 5 puntos cada categoría no que se terá en conta:

- **Orixinalidade**
- **Vestiario**
- **Imaxinación**
- **Maquillaxe.**

A deliberación do xurado coñecerase o martes 16 de febreiro no Facebook e na web do Concello de Fisterra.

PREMIOS

Os premios serán os seguintes:

PREMIOS	INDIVIDUAIS	PARELLAS	COMPARSA FAMILIAR
1º PREMIO	60 €	100 €	200 €
2º PREMIO	50 €	80 €	150 €
3º PREMIO	30 €	60 €	100 €

Ás persoas premiadas faráselles entrega dos premios mediante transferencia bancaria e recibirán un diploma do mesmo.

A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DO ENTROIDO DE FISTERRA 2021 SUPÓN A ACEPTACIÓN DAS BASES DO MESMO SENDO A DECISIÓN DO XURADO INAPELABLE.

FISTERRA, 28 DE XANEIRO DE 2021.

O TENENTE ALCALDE

Asdo.- Xan Carlos Sar Oliveira.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

***DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN:**

- FOTOCOPIA OU FOTO DO DNI DO/A REPRESENTANTE LEGAL.

A lectura e aceptación destas cláusulas é condición indispensable para participar neste concurso do Entroido de Fisterra 2021.

CLÁUSULA INFORMATIVA DOS DATOS PERSOAIS

En cumprimento do **REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016** relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro. De Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, **facilitámoslle a seguinte información:**

- Responsable do tratamento dos datos persoais: Concello de Fisterra.
- Lexitimación: consentimento do interesado.
- Finalidade do tratamento: Xestión das solicitudes de Inscripción.
- Destinatarios: os datos non se comunicarán a terceiros salvo en cumprimento das obrigas legais do responsable.
- Transferencias internacionais: non se prevé a transferencia internacional (fóra do EEE), agás ferramentas para a xestión das inscricións que cumpran coas garantías adecuadas.
- Prazo de conservación: Os datos conservaranse como mínimo mentres dure a actividade e despois durante o tempo preciso para cumprir coas obrigas legais e os consentimentos outorgados.

Acepto a información sobre o tratamento de datos persoais.

Autorizo e acepto a empregar os videos e as fotografías nas redes sociais, medios de comunicación, web do Concello de Fisterra con motivo do concurso de Entroido 2021 e que o Concello fará uso de ditas imaxes de forma responsable.

Fisterra, de febreiro de 2021.

SINATURA:

Asdo.: _____